



# EXPOSICIÓN FAUNA CHAIREGA

**Manuel Sanmartín Fernández e José Juan Manzano de la Concha**

**INAUGURACIÓN: VENRES, 23 DE MARZO DE 2018, 20:30 HORAS**

**AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

**ATA O 30 DE ABRIL DE 2018**

23 DE MARZO - 30 DE ABRIL DE 2018  
**EXPOSICIÓN**  
DE  
**MANUEL SANMARTÍN FERNÁNDEZ**  
**FAUNA CHAIREGA**  
E  
**JOSÉ JUAN MANZANO DE LA CONCHA**  
Inauguración:  
Venres, 23 de marzo de 2018-20:30  
Auditorio Municipal de Vilalba

Logos: IESCHA, Vilalba, and the coat of arms of Vilalba.

O vindeiro venres, 23 de marzo de 2018, ás 20:30 horas, na SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA, o Instituto de Estudos Chairegos organiza a exposición denominada FAUNA CHAIREGA, de MANUEL SANMARTÍN FERNÁNDEZ e JOSÉ JUAN MANZANO DE LA CONCHA.

Esta exposición é a combinación de senllas mostras dos autores antes mencionados, cun denominador común: animais do entorno da Chaira.

Permanecerá aberta ao público no horario habitual do Auditorio ata o 30 de abril de 2018.

JOSÉ JUAN MANZANO DE LA CONCHA pertence á Sociedade Española de Ornitología. Profesionalmente traballou na Policía Científica de Barcelona e tamén facía de fotógrafo nela. Leva 7 anos na Chaira, vivindo en Castro de Rei e saíndo a fotografar esta terra da que está namorado. Esta pasión pola fotografía e pola fauna e flora da

nosa bisbarra deu lugar a un laborioso traballo parte do cal poderase contemplar nesta exposición.

A mostra de MANUEL SANMARTÍN FERNÁNDEZ xorde coa intención de dar a coñecer á xente nova da comarca a riqueza de artrópodos cos que comparte hábitat. Formulouse cun propósito divulgativo: é unha exposición de fotografías acompañadas de explicacións, e tamén unha exposición de explicacións acompañadas de fotografías.

Puídose contemplar por primeira vez no IES Basanta Silva, con motivo do seu cincuentenario, contando coa colaboración do IESCHA.